

AVISO FITOSANITARIO

Thaumetopoea Pityocampa (Procesionaria do Piñeiro)

DESCRICIÓN .



Thaumetopoea pityocampa D. & Schiff é un insecto defoliador pertencente á familia Thaumetopoidae. Os adultos son bolboretas cunha envergadura de 30-50 mm. As larvas pasan por cinco estadios, que presentan diferentes aspectos ao longo do tempo. A partir do terceiro estadio presentan pelos urticantes que as eirugas soltan cando se senten ameazadas. A peza quitinosa que cobre a cabeza é negra en todo momento. As eirugas móvense sempre unha tras outra, formando neste insecto unha "procesión" característica, para abandonar o niño e alimentarse nos días

nos que as condicións meteorolóxicas son favorables para o insecto.

A finais do inverno, as eirugas, que xa remataron o seu desenvolvemento larvario baixan en procesión polo tronco do piñeiro para buscar un lugar onde enterrarse e pasar a fase de pupa. As bolboretas xurdirán ao verán seguinte.

DANOS .

A procesionaria do piñeiro está considerada como o insecto defoliador máis importante dos piñeirais españois. Pode alimentarse de todas as especies do xénero *Pinus* e do xénero *Cedrus*. O maior perigo que provoca a procesionaria do piñeiro é o que se produce nas áreas recreativas, parques e xardíns, polas perigosas urticacións que pode provocar nas persoas e animais domésticos.



PRESENCIA.

Detectáronse niños de procesionaria nas seguintes parcelas da rede de avisos fitosanitarios:





RECOMENDACIÓNS E MEDIDAS CULTURAIS.

A procesionaria do piñeiro posúe un gran número de depredadores, como, por exemplo, as aves insectívoras e os morcegos, que se alimentan nas noites de verán das bolboretas que voan preto dos puntos de luz. Polo que é interesante a colocación de caixas niño para paxaros e para morcegos, que axuden na súa captura. Debemos procurar coidalos e respectalos, para conseguir un control natural das poboacións.

Aínda que a presenza sexa escasa, sen que se poida considerar como unha praga, é certo que pode causar problemas para persoas e animais, se se entra en contacto con elas, de xeito que provocan a expansión dos pelos urticantes e poden producir síntomas de irritación das mucosas, toses ou proídos importantes nos ollos das persoas e animais.

Non sendo posible o tratamento masivo destas árbores no momento inicial do desenvolvemento das eirugas, fanse as seguintes recomendacións para o manexo das colonias presentes en árbores illadas, que poidan estar cerca de vivendas, parques ou colexios:

_Non xogar, molestar ou atacar (con paus ou insecticidas), as procesións ou os niños (bolsóns brancos), xa que cando se ven atacadas é cando a procesionaria solta os pelos urticantes, polo aire ou no chan.

_Para a eliminación dos bolsóns, débese facer de forma manual de dúas maneiras diferentes: Curta e queima dos bolsóns (Previa solicitude do permiso de queima correspondente): Cortaranse os bolsóns presentes nas diferentes árbores para queimalos con posterioridade. Estes traballos débenos realizar empresas especializadas, xa que polo xeral van esixir unha subida á árbore, por escalada ou ben por uso dunha plataforma ou a utilización de pértegas de gran lonxitude.

_Colocación de trampas ou colares atrapa eirugas: neste caso trátase de colocar unha barreira física en forma de colar de plástico rodeando o tronco da árbore, para evitar o descenso da procesión. Este colar ten un punto de saída onde se coloca un colector (bolsa ou ríxido), onde quedan atrapadas as eirugas.